



ACTA DE ACORDOS

XUNTA DIRECTIVA

18/12/2025

Asistentes:

Jose Manuel Estévez Feijoo (Presidente)

Pilar Álvarez Rey (Vicepresidenta)

Antonio Álvarez Rodríguez (Vicepresidente)

M^a Belén Ferreiro Amoedo (Secretaria Xeral)

M^a Cristina González Sueiro (Secretaria Técnica)

Xoel Rodríguez Piñeiro (Tesoureiro)

Elena Sierra Palmeiro (Vogal)

Pilar Pardo Madarro (Vogal)

Dita reunión celébrase por vía telemática reunindo aos membros da Xunta Directiva relacionados ao marxe sendo as 16:15 horas do día 18/12/2025.

ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese á lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Orzamentos 2026

Os ingresos estimados para esta tempada 2026 son os seguintes ([Anexo 1](#)):

INGRESOS		
1.-	FORMACION	48.000,00 €
2.-	SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	105.422,00 €
3.-	LICENZAS	312.000,00 €
4.-	INSCRICIÓNS CTOS. ESPAÑA E INTER	58.000,00 €
5.-	OUTRAS SUBVENCIÓNS	13.000,00 €
6.-	INSCRICIONS COPAS GALICIA INTERNACIONAL	12.300,00 €
7.-	INGRESOS VARIOS	8.162,00 €
TOTAL INGRESOS		556.884,00 €

Os gastos estimados para esta tempada 2026 son os detallados a continuación:

GASTOS		
1.-GASTOS DE FUNCIONAMENTO		
1.1.-GASTOS CORRENTES		
	1.1.1.- PERSOAL	94.800,00 €
	1.1.2.-PRIMAS DE SEGUROS	950,00 €
	1.1.3.-SERVICIOS PROFESIONAIS EXTERNOS	1.800,00 €
	1.1.4.-CORREO E TELEFONO	3.650,00 €
	1.1.5.-MATERIAL OFICINA	3.700,00 €
	1.1.6.-GASTOS REPRESENTACIÓN	3.450,00 €
	1.1.7.-VARIOS E IMPREVISTOS	7.584,00 €
TOTAL GASTOS CORRENTES		115.934,00 €
2.- GASTOS LICENZAS		
	2.1.-HOMOLOGACIÓN LICENZAS RFEG	53.000,00 €
	2.2.-SEGURO DEPORTIVO	98.000,00 €
		151.000,00 €
3.-ACTIVIDADES		
3.1.-COMPETICIÓNS		
	3.1.1.-AUTONÓMICAS (ESCOLAR E PROMOCIÓN)	59.500,00 €
	3.1.2.-AUTONÓMICOS: BASE E ABSOLUTOS	48.000,00 €
	3.1.3.-CTOS. DE ESPAÑA: XUÍCES/ZAS	19.500,00 €
	3.1.3.-OUTROS CTOS: ORGANIZACIÓN	37.650,00 €
	3.2.- PAGO INSCRICIÓNS CTOS ESPAÑA	56.300,00 €
TOTAL ACTIVIDADES		220.950,00 €
4.-TECNIFICACIÓN		
	4.1.-XIMNASIA RÍTMICA	5.386,72 €
	4.2.-XIMNASIA DE TRAMPOLÍN	5.626,91 €
	4.3.-XIMNASIA ACROBÁTICA	3.746,92 €
	4.4.-XIMNASIA ARTÍSTICA	3.481,22 €
	4.5.-XIMNASIA ESTÉTICA	1.758,23 €
	4.6.-TECNIFICACIÓN CGTD	12.500,00 €
		32.500,00 €
5.-FORMACIÓN		
		35.000,00 €
6.-ADQUISICIÓN MATERIAL DEPORTIVO		
		1.500,00 €
TOTAL GASTOS		556.884,00 €

A Xunta Directiva informa positivamente deste punto da orde do día para a súa consideración na Asemblea Xeral.

3º.: Informe Conta de Resultados a 15/12/2025

Infórmase aos presentes do resultado contable da Federación a 15 de Decembro por medio da Conta de Perdas e Ganancias (*Anexo 2*). Trátase dun resultado provisional xa que aínda quedan varias partidas pendentes de contabilizar ata o 31 de Decembro. Consideramos que ditas partidas non alterarán demasiado o resultado presentado polo cal podemos considerar esta Conta de Perdas e Ganancias como representativa.

Explícase a Conta de Perdas e Ganancias segundo a seguinte desagregación:

1	Ingresos federativos	500.697,23 €
5	Outros ingresos de explotación	148.143,13 €
6	Gastos de persoal	-82.238,53 €
7	Outros gastos de explotación	-502.002,54 €
8	Amortización do inmovilizado	-20.200,00 €
11	Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	-44,50
12	Outros resultados (gastos excepcionais)	-103,59
	A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1-5-6+7+8)	44.251,20 €
13	Ingresos financeiros	0,00 €
	B) RESULTADO FINANCIERO (13)	0,00 €
	C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)	44.251,20 €
19	Imposto sobre Sociedades	0,00 €
	D) RESULTADO DO EJERCICIO (C+19)	44.251,20 €

Tal e como pode observarse neste resumo e na Conta de Perdas e Ganancias adxunta, obtívose un resultado provisional de ganancias estimadas de 44.251,20 euros.

Os membros da Xunta Directiva informan positivamente deste punto da orde do día.

4º.: Normativas Autonómicas 2026

En canto a Normativa de Licenzas (*Anexo 3*), indícase que haberá un incremento de 8,00 euros no prezo de dous tipos de licenzas (A1 e B1, as segundas licenzas non varían), debido á subida do prezo do seguro federativo para o vindeiro ano. O novo prezo destas dúas licenzas, correspondentes ao Seguro da compañía Allianz, manterase igual nas tempadas

2026 e 2027. Explícase que esta subida foi debida á falta de comunicación nos sinistros declarados, xa que a aseguradora non puido documentar as lesións coas datas de baixa e alta correctas. O Presidente comunica que a partir do ano 2026 existirá unha aplicación dispoñible para todos os afiliados que permitirá realizar todas as xestións e envío de documentación por este medio, o que facilitará a comunicación entre aseguradora, afiliados e Federación. O resto da normativa de licencias permanecerá igual a do ano anterior.

Preséntase o documento resumen das Normativas Técnicas ([Anexo 4](#)) de cada modalidade para este 2026, aprobadas polos diferentes Comités.

En canto a Normativa de liquidación e pagos ([Anexo 5](#)) por actividades presentada, coincide na súa totalidade coa que foi aprobada pola Asemblea en 2024. Trátase da versión definitiva xa que se tiveron en conta determinados importes marcados polo convenio da Xunta, e por tanto non está suxeita a posteriores cambios.

A Xunta Directiva informa positivamente deste punto da orde do día.

5º.: Calendario Provisional de Actividades 2026

O calendario Provisional de Actividades ([Anexo 6](#)) elabórase acorde ao calendario nacional xunto coa opinión dos distintos comités técnicos.

Aínda faltan moitas datas e sedes por pechar sendo as xa confirmadas as que recollemos no arquivo adxunto.

A Xunta Directiva informa positivamente deste punto da orde do día.

6º.: Estudo axudas renovación xuíces internacionais

O Presidente presenta a posibilidade de destinar unha axuda económica para os xuíces que renovaron a súa titulación internacional fora de España. Previa solicitude da Federación da aportación xustificativa dos gastos, apróbase por este órgano a concesión desta axuda ás 4 xuízas que enviaron a relación de gastos coas facturas correspondentes. Dita axuda económica corresponderase a unha porcentaxe do importe total dos gastos xustificadas, sen cubrir a totalidade dos mesmos.

A Xunta Directiva, por unanimidade, aproba este punto.



7º.: Autorización solicitude subvencións institucións públicas para actividades e/ou material deportivo

O Presidente solicita a autorización dos membros da Xunta Directiva para presentar todas as solicitudes para subvencións procedentes de institucións públicas para a realización de actividades e/ou a adquisición de materias deportivo.

Os membros da Xunta Directiva aproban por unanimidade este punto.

8º.: Suxerencias e preguntas.

Trala recente creación do Comité de Xuíces da Real Federación Española de Ximnasia, decídese nomear á xuíza e Vogal deste mesmo órgano Elena Sierra Palmeiro como membro e representante da nosa Comunidade Autónoma.

Por último, preséntase nesta reunión a Postal de Nadal 2025 que será enviada nos vindeiros días a tódolos membros da comunidade ximnástica Galega e Española.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 17:15 h do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.

Ourense, 19 de Decembro de 2025

Asdo.: M^a Belén Ferreiro Amoedo